



PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DE APOIO ADMINISTRATIVO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN- EMPREGO TALENTO MOZO DE REDONDELA, PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL PROMOVIDO POLO CONCELLO DE REDONDELA.

O **obxecto** da presente convocatoria é poñer en marcha o programa de formación- emprego Talento mozo de Redondela, dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas mozas incluídas no Fichero do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, cofinanciado pola Unión Europea no marco co programa FSE+Galicia 2021-2027.

O **posto** que se convoca é o de **PERSOAL ADMINISTRATIVO**

Requisitos mínimos: as persoas aspirantes deberán reunir, ademais dos requisitos xerais da base terceira, os seguintes requisitos mínimos, para ser admitidas na presente convocatoria:

- Estudos de formación profesional de segundo grao ou equivalente na rama de Administración.
- Experiencia profesional requirida mínima de 12 meses (segundo días cotizados na vida laboral) como administrativo/a ou auxiliar administrativo/a, nos últimos 10 anos.

Formularase un **CONTRATO DE TRABAJO TEMPORAL DE DURACIÓN DETERMINADA VINCULADO A PROGRAMAS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS, A TEMPO PARCIAL (CÓDIGO 506)** a xornada parcial- 30 horas semanais, por un período máximo de 12 meses e non poderá exceder a data de remate do programa de emprego, incluídas as vacacións que lles correspondan.

Presentación de solicitudes:

As persoas interesadas deberán presentar unha instancia (ANEXO I) cuxo modelo se facilitará no rexistro xeral, na sede electrónica ou na páxina web do concello (www.redondela.gal) e será dirixida á Alcaldía.

A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral ou na sede electrónica do Concello de Redondela ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **no prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria nun dos diarios de maior tirada na localidade**, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal/>), na páxina web, apartado Emprego Público, persoal temporal (<https://redondela.gal/categoria/empleo-publico/persoal-temporal/>) do concello.

Admisión de persoas aspirantes:

Tras finalizar o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ou o órgano no que delegue, aprobará a **lista provisional** de persoas admitidas e excluídas, xunto coa causa da súa exclusión. Esta resolución publicarase na sede electrónica, na páxina web, apartado Emprego Público, persoal temporal (<https://redondela.gal/categoria/empleo-publico/persoal-temporal/>) e no taboleiro de anuncios do concello. As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar requirida polo órgano de selección, no prazo de dous (2) días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación. A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. De haber reclamacións e resoltas estas, a Alcaldía aprobará a **lista definitiva** que se exporá na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Bases reguladoras da convocatoria:

As bases desta convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal/>), na páxina web, apartado Emprego Público, persoal temporal (<https://redondela.gal/categoria/empleo-publico/persoal-temporal/>) do concello e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego correspondente.

